



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Acordo do pleno do Concello de 31 de xullo de 2025 pola que se aproba inicialmente expediente de investigación da titularidade de bens ou dereitos

EXPEDIENTE: 2025/X998/000027

Instruíndose, polos servizos competentes deste Concello, expediente de investigación do camiño incluído no Inventario de Bens, baixo o epígrafe 1.4 Vías Públicas Rústicas, referencia OU-8, núm. de inventario: 1.4.000026, sen referencia catastral actual, publícase o presente anuncio, por prazo de 15 días, en trámite de audiencia, a fin de que quen puidese terse por interesados no devandito expediente, poidan comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por conveniente.

E abrir trámite de información pública por prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación dos anuncios no taboleiro da Corporación, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito ante a Corporación, acompañando todos os documentos en que funden as súas alegacións.

Á súa vez, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://sede.bergondo.gal/sxc/gl/informacion/>].

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

Bergondo, 1 de agosto de 2025

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2025/5176